

DOMINGO XIV ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (Zac 9, 9-10)

Lectura do libro de Zacarías

Así fala o Señor: Relouca, filla de Sión, grita de ledicia, filla de Xerusalén.

Velaí chega o teu rei, é xusto e protexido do Señor, humilde e montado nun burro, si, nun burriño fillo dunha burra.

Eu acabarei cos carros de Efraím e cos cabalos de Xerusalén, acabarase o arco de guerra e El anunciará a paz ás nacións, reinará desde un mar a outro mar, desde o Éufrates ós confíns da terra.

SALMO RESPONSORIAL (Sal 144, 1-2. 8-9. 10-11. 13cd-14)

R/. (1): **Meu Deus e meu rei, hei bendici-lo teu nome por sempre.**

Ou: **Aleluia.**

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte
e bendici-lo teu nome por sempre.
Hei bendicirte cada día,
hei loa-lo teu nome por sempre.

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras.

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder.

O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por tódalas xeracións.
O Señor sostén a tódolos que caen
e endereita os que se dobran.

SEGUNDA LECTURA (Rm 8, 9. 11-13)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns:

Vivide conforme o Espírito, posto que o Espírito de Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo.

Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo Xesús dos mortos, vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

Polo tanto, irmáns, somos de certo debedores, pero non da condición carnal, para vivirmos segundo ela.

Porque, se vivides segundo a condición carnal, habedes morrer; pero, se coa axuda do Espírito mortificáde-las obras do corpo, viviredes.

EVANXEO (Mt 11, 25-30)

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Naquel tempo, tomou Xesús a palabra e exclamou:

- Eu bendígote, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas ós sabios e ós prudentes e llelas revelaches ós pequenos. Así é, Pai, porque iso foi do teu agrado.

Tódalas cousas mas confiou meu Pai; e ninguén coñece ó Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai ninguén agás o Fillo, e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón, e atoparedes acougo para as vosas almas; porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga liviá.